

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

BASES ESPECIFICAS PARA A SELECCIÓN DE TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS DO PLAN MÁIS PROVINCIA 2026 CONCELLO DE VILAGARCÍA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA LIÑA 3 ACTIVACIÓN DO EMPREGO

1º.- OBXETO DA CONVOCATORIA

Selección de 33 traballadores/as desempregados/as de entre os candidatos enviados preseleccionados polo Servizo Público de Emprego, na modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social co código 405. O obxeto da contratación será para a prestación de servizos de interese xeral ou social do PLAN MÁIS PROVINCIA da Deputación provincial de Pontevedra, por un periodo de 8 meses e cunha xornada a tempo completo de 37,5 horas semanas, segundo as Bases reguladoras da convocatoria.

2º.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Con carácter xeral os/as candidatos/as enviados polo Servizo Público de Emprego deberán reunir os requisitos establecidos pola convocatoria do programa subvencionado e ademáis deberán reunir os seguintes requisitos ou condicións:

- a) Ter a nacionalidade española; no caso de nacionais doutros Estados, reunir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto refundido da Lei 7/2007 de 12 de abril.
- b) Non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas requeridas.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo a calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.



f) Titulación necesaria para o posto de traballo a desenvolver.

Todos os requisitos anteriormente citados deberán posuírse na data de celebración da selección.

3º.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA SELECTIVA.

A fase de selección, será mediante oposición, os aspirantes deberán asistir á hora sinalada, provistos do D.N.I. ou documento identificativo e a carta de convocatoria remitida polo Servizo Público de Emprego.

4º. COMISIÓN SELECCIONADORA – TRIBUNAL.

A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público segundo redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, e estará integrada polos/as seguintes membros:

Presidente/a: Un/ha empregado/a municipal

Vogais (3): Tres empregados/as municipais.

Secretario/a: Un/ha empregado/a do Concello.

Os membro da Comisión seleccionadora deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora poderá recabar, se o estimase procedente e convinte, o asesoramento dun ou varios expertos/as que formarán parte do Tribunal con voz pero sen voto.

Poderán constituírse unha ou varias comisión seleccionadoras segundo as especialidades e/ou categorías a seleccionar.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 23 e ss da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo do Presidente/a, o/a Secretario/a e un terzo dos vogais.



5º. CUALIFICACIÓN DA PROBA SELECTIVA.

FASE DE OPOSICIÓN (Máx. 12 puntos)

A fase de oposición constará da seguinte proba: de carácter práctico que terá relación directa coas funcións e tarefas a desenrolar e na que se valorará polo tribunal:

A competencia técnica:	0-12
O coñecemento dos elementos de traballo:	0-12
A capacidade de organización das tarefas:	0-12
A correcta realización da tarefa:	0-12

Respecto ao suposto plantexado. A proba se valorará de 0 a 12 puntos en promedio dos diferentes criterios expostos, sendo a puntuación final a media aritmética de todos eles.

Desempate: en caso de empate se dará preferencia, por esta orde as persoas dos seguinte grupos. Acreditarase mediante declaración xurada.

1. Persoas en desemprego de longa duración
2. Mulleres con baixa cualificación
3. Persoas candidatas maiores de 45 anos
4. Persoas mozas, especialmente con baixa cualificación
5. Persoas que acrediten unha discapacidade física ou sensorial superior ao 65 % ou persoas con discapacidade que presenten maiores dificultades de acceso ao mercado de traballo nos termos recollidos no último parágrafo do artigo 50.1 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de emprego
6. Vítimas de violencia de xénero
7. Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou de pai con fillas ou fillos ao seu cargo
8. Persoas candidatas con niveis de renda máis Baixa

6º. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN.

O/a aspirante seleccionado/a e proposto/a polo Tribunal deberá presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións na data de publicación do anuncio das persoas seleccionadas.



No caso de renuncia ou que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Neste caso a Alcaldía poderá acorda-la contratación do/a aspirante seguinte na lista, que obtivera a seguinte mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

O/a aspirante proposto/a e contratado/a comezará a prestar servizos na data que se lle indique pola Alcaldía.

7º. INCIDENCIAS.

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

8º. IMPUGNACIÓN.

A presente convocatoria, as bases, e tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

9º SUPLETORIEDADE

En todo o non previsto nestas bases de selección será de aplicación o disposto no Texto Refundido da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público segundo redacción dada polo Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido, e na Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia e demais normativa concordante.

10ª PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto no “REGLAMENTO (UE) 2016/679 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (RXPDP)” e da



Lei Orgánica 3/2018 de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un rexistro de actividade coa finalidade da selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa, Praza Ravella nº1, a través da sede.vilagarcia.gal ou no email dpd@vilagarcia.gal

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Vilagarcía de Arousa a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios, na páxina web do Concello e na sede electrónica: sede.vilagarcia.gal . A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección supón o consentimento expreso para tratar a información nos termos indicados.

11º TEMARIOS

TEMARIO COMÚN XERAL

Tema 1.- A prevención de riscos laborais. Normas de seguridade e hixiene laboral.

TEMARIO ESPECÍFICO POR POSTO

4 OPERARIOS CONSERVACIÓN PARQUES E XARDINS URBANS

4 OPERARIOS FORESTAIS

Tema 2.- Motoserras: Partes más importantes. Cadeas. Uso frecuente. Mantemento e limpeza.

Tema 3.- Desbrozadoras. Partes más importantes, Complementos. Uso frecuente. Mantemento e limpeza.

Tema 4.- Maquinaria. Trituradora Segadora Sopradora. Maquinaria auxiliar. Ferramentas: Ferramentas de poda., Ferramentas de limpeza.

Tema 5.- Productos fitosanitarios: Según aplicación, según actuación, según absorción. Doses



2 OPERARIOS INSTALADOR ELECTRICISTA

Tema 2.- Instalacións de Alumeado Público. Materiais e sistemas implantación: Redes subterráneas para distribución de enerxía eléctrica en baixa tensión; Redes aéreas para la distribución de enerxía eléctrica en baixa tensión.

Tema 3.- Instalacións de Alumeado Público: Cadros de Protección e Mando; Instalacións de enlace, acometidas e caixas xerais de protección; liñas repartidoras, derivacións individuais, contadores e dispositivos de mando e protección.

Tema 4.- Aforro enerxético: Instalacións de Alumeado Público con leds. Alumeado en vías. Alumeado ornamental.

Tema 5.- Instalacións en locais de pública concorrencia. Posta a terra. Uso de maquinaria

12 PEÓNS AXUDANTES ALBANEIS

Tema 2.- Conceptos xerais sobre albañilería: Ferramentas, uso e mantemento. Materiais de construción. Principais reparacións e traballos de albañilería.

Tema 3.- Cimentacións: Encofrados. Armaduras e posta en obra. Formigóns e posta en obra.

Tema 4.- Forxados: Elementos que compoñen un forxado. Materiais. Tabiquería. Carpintería e cerraxería, xesos e estucos. Solados, pavimentos e alicatados.

Tema 5.- Tipos de fábrica: Ladrillo, bloques de formigón, mampostería e posta en obra, sillería. Uso de maquinaria: radial, hormigonera, martillo neumático, dumper, cortador de material cerámico.

6 OPERARIOS PINTOR/ EMPAPELADOR

Tema 2.- Tipos de pintura e compoñentes. Técnicas de pintura.

Tema 3.- Ferramentas, usos e mantemento. Maquinaria auxiliar.

Tema 4.- Aplicación de pintura sobre diferentes superficies.

Tema 5.- Disolventes, diluente e decapantes.

1 OPERARIO FONTANEIRO

Tema 2.- Conceptos fundamentais en fontanería. Caudais e consumos, velocidade, desprazamento da auga, relación entre caudal, velocidade e sección. Presión, relación presión-altura, perdas de carga, golpe de ariete.



Tema 3.- Elementos das instalacións. Tubarias e accesorios, válvulas e dispositivos de control, grifería sanitaria, contadores, alxibes. Bombas e grupos de presión. Tipos e funcionamento das bombas, compoñentes de un grupo de presión.

Tema 4.- Máquinas e ferramentas. Clases, condicións de traballo.

Tema 5.- Mantemento de fontanería. Tipos de mantemento: correctivo, preventivo e predictivo. Planes de mantemento preventivo de equipos e instalacións.

1 OPERARIO CONDUTOR RETROEXCAVADORA

Tema 2.- Normas elementais de manteniemento dun vehículo e maquinaria motorizada: respecto a filtro de aire, batería, sistema de encendido, niveles de líquidos, correas, neumáticos e sistemas de freado.

Tema 3.- Os vehículos de remolque e arrastre. Precaución elemental para o remolque e arrastre. Descrición dos sistemas máis frecuentes para o remolque e arrastre. Normas elementais para a conducción dun vehículo tractor. Descrición das manobras de xiro e marcha atrás.

Tema 4.- O manexo de grúas, palas mecánicas e sistemas elevadores, técnicas e precaucións de uso: Desprazamento de materiais, traballos con palas mecánicas.

Tema 5.- Rueiro e termino municipal de Vilagarcía de Arousa.

2 OPERARIOS MANTEDORES INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Tema 2.- Atención a usuarios/as de instalacións deportivas: preparación de dependencias e medios materiais.

Tema 3.- Mantemento e conservación das instalacións deportivas cubertas: pabellóns e ximnasios.

Tema 4.- Mantemento e conservación das instalacións deportivas non cubertas, rutinas de mantemento de pistas de atletismo e campos de céspede artificial.

Tema 5.- O mantemento do céspede natural: instalación, mantementos, coidados de rega, reposición, abono.

1 PEÓN LACEIRO/A RECOLLIDA DE ANIMAIS

Tema 2.- Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección de los derechos y el bienestar de los animales.



Tema 3.- Ordenaza Fiscal Municipal II.1 Reguladora da taxa por prestación de servizos relacionados con animais de compañía e outros servizos de prevención.

Tema 4.- Manexo, mantemento, limpeza e desinfección de vehículos de recollida de animais.

Tema 5.- Captura de animais domésticos e de fauna salvaxe común. Medios técnicos de captura, EPIs e o seu manexo.

En Vilagarcía de Arousa, *na data da sinatura electrónica.*

O Alcalde-Presidente
D. Alberto Varela Paz

A Secretaria Xeral
Dña. María Rosa Losada Suárez

